



PLAN DIXITAL

IES de Rodeira

10 de xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O IES de Rodeira está situado no concello de Cangas do Morrazo (Pontevedra). Nel impártense unha gran variedade de ensinanzas. ESO e a ESA en réxime presencial, tamén Bacharelato nas ramas de Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais, así como diferentes especialidades de Ciclos Formativos. A oferta formativa complétase con Obradoiros para adultos en horario vespertino (educación non formal) e Aula Mentor.

Ademais no centro tamén hai unha delegación da Escola Oficial de Idiomas de Vigo.

Os ciclos formativos ofertados no curso 2021/22 foron:

- Administrativo
 - Ciclo Básico Administrativo (réxime xeral)
 - Ciclo Medio Xestión Administrativa (réxime xeral)
 - CS Administración e Finanzas (réxime adultos)
- Electrónica
 - Ciclo Medio de Instalacións de Telecomunicacións (réxime xeral)
 - CS de Sistemas de Telecomunicacións (réxime modular)
- Informática
 - Ciclo Superior de Administración de Sistemas Informáticos en Rede (réxime xeral)
 - CS de Desenvolvemento de Aplicacións Web (réxime de adultos a distancia).

Os Datos do Centro son os seguintes:

- Alumnado: 968
- Profesorado: 92
- Datos de Contacto
 - IES de Rodeira
 - Dirección: Avda. De Ourense s/n – 36940 – Cangas
 - Correo: ies.rodeira@edu.xunta.gal
 - Páxina web: www.iesrodeira.gal

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O instituto está situado no concello de Cangas do Morrazo (Pontevedra). Escolariza alumnos/as procedentes na súa maioría da vila de Cangas e arredores onde se combina unha actividade relacionada coa pesca xunto con outros traballos, principalmente nos sector servizos.

O nivel socioeconómico do concello de Cangas sitúase no tramo medio a nivel galego: a renda bruta per cápita para o 2019 era de 14.809€ en Cangas (14.422€ en Bueu, 14.582€ en Moaña), fronte os 15.863€ de media galega.

Desde fai algúns cursos véñense escolarizando alumnos/as procedentes do estranxeiro, na maioría dos casos coa escolarización xa iniciada noutros países.

Referente á lingua e usos lingüísticos, o castelán é principalmente a lingua de comunicación do alumnado, aínda que tamén existe unha minoría galegofalante. Polo xeral, a predisposición ao uso do galego na aula é limitada, e ofrece algunha resistencia por parte do alumnado, fundamentalmente pola inercia dos anos anteriores e pola non existencia dun sistema de inmersión lingüística na educación infantil e primaria, o que dificulta a súa expresión oral de forma fluída.

O centro está implicado en varios Plans Proxecta desde hai anos. Neste 2021-22 contamos co Proxecto de Vida Activa e Deportiva, 365 días de respecto e igualdade, Proxecto Ríos, Correspondentes xuvenís e o Proxecto de innovación en dinamización lingüística. Estes programas perseguen o fomento da innovación educativa mentres se traballan e desenvolven as competencias clave e a educación en valores, sempre na perspectiva de acadar os ODS 2030. Debemos destacar especialmente o feito de posuímos o “Selo Vida Saudábel” outorgado polo Ministerio de Educación.

En referencia aos contratos-programa solicitados polo centro para este curso escolar e que teñen por obxectivo analizar as fortalezas e debilidades do alumnado e propoñer medidas específicas de actuación, lévanse a cabo o programa PROA+, con actuacións de reforzo nas competencias clave matemática, lingüística e en ciencias e tecnolóxica, e o programa ARCO para a mellora da convivencia escolar.

En canto ás relacións co exterior, o Centro participa no Programa Erasmus+, sendo posuidor da carta ECHE e da acreditación para o novo período 2021-27, tendo creado contactos con numerosos centros de Europa (Francia, Italia, Portugal, Rumanía, Malta, Alemania ou mesmo o Reino Unido), ademais de ser centro receptor de alumnado para realizar as súas prácticas profesionais en empresas da zona. É de destacar a actividade realizada polo grupo de formación da aprendizaxe cooperativa na que participa un terzo do claustro de profesorado, como un Plan de Formación Permanente de Profesorado. Xa por último, sen ser exhaustivo, non podemos esquecer o torneo de fútbol-sala que se organiza nos recreos ao longo do ano académico, así como os clubs de lectura (para adolescentes e para adultos), Teatro, Manga ou Música desenvolvidos nos tempos de recreo e nalgunhas tardes e que axudan a dinamizar e vincular ao alumnado na vida do centro.

A biblioteca do IES de Rodeira é un núcleo fundamental das actividades lectivas e debe seguir tendo un papel predominante na vida do centro, tanto no ensino diúrno, como no nocturno. Arredor dela deben artellarse os clubs de lectura que xa existen e outros que se poidan considerar, asumindo que a competencia lectora é chave para o logro de calquera obxectivo didáctico e educativo. Despois destes dous anos de pandemia nos que a biblioteca non puido realizar o seu labor como sería desexábel polas limitacións derivadas da Covid debemos focalizar todos os esforzos en recuperar o seu espazo físico (agora ocupada unha metade como aula), e continuar profundizando no seu papel dinamizador das competencias lectoras e lingüísticas de toda a comunidade educativa.

En todos este proxectos é fundamental o uso de ferramentas dixitais que axuden na súa implantación e posta en marcha xa que gracias a elas se pode avanzar dunha maneira máis dinámica e facilita a difusión das actividades entre a comunidade educativa para que cheguen a toda a contorna e non queden unicamente dentro do instituto.

A implantación do presente Plan Dixital insírese dentro das prioridades do novo equipo directivo que inicia a súa andadura no próximo curso 2022/23. A idea é iniciar unha liña de formación para a mellora da competencia dixital do profesorado e a renovación e adquisición do equipamento informático do centro. Un dos obxectivos que aparecen no proxecto de dirección é “Implementar a renovación pedagóxica que

atenda a diversidade co uso das novas tecnoloxías e do traballo en equipo” potenciando a liña de formación no centro sobre a inclusión e a atención á diversidade e a elaboración e difusión de propostas e materiais de dinámicas e estruturas para os procesos de ensino-aprendizaxe, todo isto apoiándose e axudándose das novas tecnoloxías facendo un uso responsable das mesmas.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

O equipo para a elaboración do mesmo estivo formado por:

- Secretario do IES de Rodeira: David García Cancio
- Coordinador do Plan Dixital: José Luis Rojas Alonso
- Sonia María Nóvoa Martínez

Para a realización do Plan Dixital seguíronse as pautas marcadas polo equipo de **ADIX Pontevedra 2**, baixo a tutela de **José Manuel Sánchez Moure** que nos axudou na elaboración de cada un dos pasos a seguir ata a concreción do mesmo:

1. Proceso de autoavaliación SELFIE.
2. Realización do test CDD.
3. Análise DAFO.
4. Establecemento de obxectivos do Plan de Acción.
5. Redacción final do Plan Dixital de Centro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro conta cunha infraestrutura dixital que se foi actualizando ao longo dos anos con achegas da Consellería de Educación e outras iniciativas financiadas polo propio centro.

Tanto as aulas do centro, como os departamentos, biblioteca, administración, conserxería, pavillón, etc contan con cableado de datos. A velocidade da conexión é axeitada para o traballo diario co alumnado.

En canto a redes Wifi no centro conviven as redes Abalar, edu.xunta.es e a antiga ED_36019475. Por outra banda, se é preciso ofrecer conexión wifi ao alumnado para actividades cos seus dispositivos móbiles, dispoñemos dunhas "wifis nómades" a dispor do profesorado que o necesite.

A xestión do mantemento do equipamento informático está realizada por un equipo de varios profesores que dentro das súas posibilidades resolven a maioría das incidencias. En caso contrario recorren a UAC.

No IES de Rodeira contamos agora mesmo con 28 aulas de referencia para ESO e BACH, todas elas contan con un equipo para o profesorado co seu correspondente proxector.

- 12 son aulas equipadas co kit Dixital e contan coa súa correspondente Pizarra dixital
- 6 son aulas equipadas no proxecto Abalar e tamén contan coa súa correspondente Pizarra dixital
- O resto de Aulas contan con unha pantalla de proxección
- Actualmente temos unha aula específica de ordenadores para impartir as materias que o precisen en ESO e BACH
- Os ciclos contan coas súas aulas específicas dotadas de ordenadores.
- Na biblioteca escolar funciona neste momento só dous equipos informáticos para a xestión e catalogación, logo de que se eliminaran os postos para ser empregados por parte do alumnado por mor da reorganización do centro provocada pola adaptación o COVID.

Dende o curso posterior a pandemia consideramos que temos un instituto virtual a maiores do instituto real, polo que todos os alumnos e profesores empregan a Aula Virtual para comunicarse e entregar as tarefas. Deste xeito todo o mundo estaría preparado para seguir traballando do mesmo xeito coas súas clases ante un posible confinamento.

No centro empregamos os seguintes **Servizos Dixitais Educativos:**

- Páxina Web (<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesderodeira/>)
- Aula Virtual: (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesderodeira/aulavirtual/>)
- Blogue da Biblioteca (<http://bibliorodeira.blogspot.com/>)
- Blogue de Normalización lingüística: (<http://lingualizate.blogspot.com/>)
- Aula Mentor (<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesderodeira/mentor>)

O centro foi dotado de 60 portátiles, destinados inicialmente para alumnos sen recursos, pero que agora serán empregados para montar carros de portátiles e que os alumnos sen saír da súa aula de referencia os poidan empregar.

Na seguinte ligazón: (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesderodeira/?q=system/files/u2/documentos/COVID/PlanContinxenciasIESRodeira2020-21.pdf>) se pode consultar o Plan de Continxencia do Centro.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Áreas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A - Liderado	Equipo Direct.		3.6	3.6	3.3	
	Profesorado		2.5	3.3	3.2	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3.8	3.8	3.8	
	Profesorado		2.1	2.9	3.2	
	Alumnado		2.6	2.3	2.9	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		4.4	4.2	4.1	
	Profesorado		4.2	4	4.1	
	Alumnado		3.5	3.2	3.9	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		4.2	4.1	3.9	
	Profesorado		2.8	3.3	3.5	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		3.9	3.8	3.8	
	Profesorado		4.1	4	4.1	
	Alumnado		3.9	4.1	4.2	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3.7	3.7	3.7	
	Profesorado		3.2	3.3	3.6	
	Alumnado		3.1	2.9	3.7	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3.8	3.7	3.8	
	Profesorado		3	3	3.4	
	Alumnado		2.5	2.4	3.2	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3.8	3.9	3.9	
	Profesorado		3.9	3.3	3.8	
	Alumnado		3.2	3.2	3.6	

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	39	61	63,9%
PROVISIONAL	11	18	61,1%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	9	11	81,8%
DESPRAZADO	5	11	45,5%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
88,8	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	82,1	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC	76,4	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
F.P	106,4	Experto/a (B2)	80,3	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	3,1%
A2	20	30,8%
B1	17	26,2%
B2	20	30,8%
C1	3	4,6%
C2	3	4,6%
TOTAL	65	100,10%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1.Boa infraestrutura no centro 2.Boa cantidade de dispositivos dixitais dispoñibles 3.Bo acceso a Internet 4.Satisfeitos coa asistencia técnica en caso de problemas 5.Adecuada política de protección de datos 	
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1.Alto grao de participación no DPC 2.Alto emprego de Recursos Educativos en Liña 3.Alto emprego de entornos virtuais de aprendizaxe 4.Alto grao de comunicación coa comunidade Educativa 5.Satisfactorio grao de adaptación ás necesidades do alumnado 6.Adecuada avaliación das capacidades 	<ol style="list-style-type: none"> 1.Pouco debate sobre o emprego da tecnoloxía no centro 2.Baixo intercambio de experiencias entre os profesores do claustro 3.Recoñecemento da necesidade de DPC 4.Os alumnado non considera suficiente fomento da creatividade 5.O alumnado non considera que a súa colaboración é suficiente 6.O profesorado non considera satisfactorio o número de proxectos interdisciplinares 7.O alumnado non está satisfeito co grao de autoreflexión sobre o aprendizaxe. 8.Tanto o alumnado como o profesorado non están satisfeitos cos comentarios a outros alumnos sobre o seu traballo
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> 1.Satisfactorio grao de creación de contidos dixitais por parte da comunidade educativa 2.Comportamento seguro e responsable do alumnado 3.Adecuado grao de recoñecemento ó traballo dos demais, pero podería mellorarse por parte do alumnado 4.Moito marxe de mellora na capacidade de comunicación do alumnado. 	
	FAMILIAS		
	OFERTA	<ol style="list-style-type: none"> 1.Emplego de novas modalidades de ensinanza 	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> 1.Colaboración entre o profesorado e dirección para a elaboración dunha estratexia dixital de centro conxunta 2.O centro educativo ten unha comunicación regular e ben organizada coas familias 	<ol style="list-style-type: none"> 1.A estratexia dixital é mellorable

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		<ul style="list-style-type: none"> 1. En ocasións, problemas coa conexión a Internet 2. Falta de tempo para o profesorado 3. Alumnos con competencias dixitais insuficientes 4. O profesor carece de tempo para dar retroalimentación o alumnado
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	1. Mellorar a colaboración entre os membros da comunidade educativa	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: Liderado						
1. OBXECTIVO (1):	Mellorar a estratexia dixital do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefe/a de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de satisfacción nunha enquisa					
Valor de partida (3)	30% de profesorado satisfeito coa estratexia dixital					
Valor previsto e data (4)	60% de profesorado satisfeito coa estratexia dixital			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Formación interna do profesorado nas ferramentas e plataformas dixitais dispoñibles no centro	-Coordinador/a TIC do centro	30/03/2023	-Persoal, en colaboración co CFR (relatores, ...). -Materiais (equipos informáticos, software, ...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Creación dunha enquisa na aula virtual para valorar o grao de satisfacción	-Coordinador/a TIC do centro	31/05/2023	-Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora” : Pedagogía: implantación na aula						
2. OBXECTIVO (1):	Aumentar o número de proxectos interdisciplinares no centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefe/a de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de proxectos interdisciplinares creados					
Valor de partida (3)	1 proxecto interdisciplinar creado					
Valor previsto e data (4)	3 proxectos interdisciplinares creados			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Posta en funcionamento dunha Aula Virtual para favorecer a elaboración dos proxectos.	-Coordinador/a TIC do centro	31/10/2022	-Materiais (equipos informáticos, software, ...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Creación de proxectos interdisciplinares.	-Coordinador/a TIC do centro	31/06/2023	-Materiais (equipos informáticos, software, ...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Outras áreas						
3. OBXECTIVO (1):	Mellorar a conexión a internet e a wifi dende todos os puntos do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefe/a de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Reducir o número de incidencias debido ao fallo nas conexións					
Valor de partida (3)	5 incidencias ao mes					
Valor previsto e data (4)	1 incidencia ao mes			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1: Revisión dos puntos de acceso e de conexión á rede	-Coordinador/a TIC do centro -Profesorado do departamento de informática	31/10/2022	-Materiais (equipos informáticos, software, ...) -Persoal do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Comunicación a UAC dos fallos detectados	-Coordinador/a TIC do centro -Profesorado do departamento de informática -UAC	30/11/2022	-Materiais (equipos informáticos, software, ...) -Persoal do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Non quedan zonas sen cobertura no centro	-Coordinador/a TIC do centro -Profesorado do departamento de informática	31/05/2023	-Materiais (equipos informáticos, software, ...) -Persoal do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- **Aulas dixitalizadas:** é preciso renovar o equipamento informático da maioría das aulas pois os ordenadores teñen xa moitos anos e as súas prestacións son reducidas. Este proceso de renovación debería afectar tamén aos proxectores de vídeo que precisan dunha renovación global pois moitos non proxectan coa nitidez precisa.
 - Para elo solicitamos:

Tipo de Equipo	Cantidade	Ubicación	Xustificación
Portátiles	25	Aulas da ESO e BACH	Actualmente temos unha variedade de equipos na mesa do profesor. Equipos de sobremesa moi vellos que se foron ampliando o máximo da súa capacidade e portátiles que xa teñen máis de 8 anos. O seu rendemento cos sistemas operativos modernos é baixo
Proxectores	15	Aulas da ESO e BACH	Os proxectores xa son moi antigos, algúns pertencen o proxecto ABALAR e xa tivemos a necesidade de cambiar as lámpadas.
PDI	15	Aulas da ESO e BACH	Para substituír as existentes que xa presentan problemas e deficiencias.
Tablets	60	Aulas da ESO e BACH	Para empregar polo alumnado no seu traballo na Aula en momentos puntuais
Carro de Portátiles	1	Aulas da ESO e BACH	Un carro ou estación de carga con 30 portátiles para poder converter aulas de referencia en Aulas de Informática cando sexa necesario
Pantallas Interactivas Portátiles	1	Aulas da ESO e BACH	Para facilitar presentacións e exposicións

- A finalidade destas accións , moi necesarias, sería continuar o proceso de dixitalización e de acceso a contidos dentro das aulas. O seu uso deficiente provoca unha frustración constante no profesorado e no alumnado.

4. Avaliación do PD

4.1. Seguimento do Plan de Acción

- Unha avaliación procesual unha vez ao trimestre no que se valorará: estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- Unha avaliación final ao finalizar o curso académico no que se valorará: a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.
- O estado da avaliación quedará reflectido nas táboas do plan de acción recollidas no apartado 3.1.

5. Difusión do plan

O presente Plan dixital, unha vez aprobado polo Claustro e Consello escolar, difundirase a través da web do centro o mesmo que os demais documentos oficiais, para coñecemento de toda a comunidade educativa.

O inicio do curso 22/23 será preciso facer unha presentación do mesmo ao profesorado que chegue novo ao centro así como lembrarlle os seus contidos ao resto do claustro.